



CESGA e USC facilitan a aprendizaxe a pacientes con longos períodos de hospitalización a través do proxecto e-Hospital

A iniciativa beneficiará a pacientes con lesión medular do Juan Canalejo

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2006.- Ata un total de 25 pacientes hospitalizados no Juan Canalejo poderán continuar coa súa formación académica, grazas a un convenio suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela, Fundación Juan Canalejo da Coruña e o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). O acordo foi presentado esta tarde no Centro nun acto no que estiveron presentes o Presidente do CESGA e Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, Salustiano Mato, o Xefe da Unidade de Lesionados Medulares do Juan Canalejo, Dr. Rodríguez Sotillos; a Vicerreitora de Estudantes e Relacións Institucionais en funcións da USC, Elena Vázquez Cendón; e o Director Xerente do CESGA, Javier García Tobío; así como tamén os socios europeos do proxecto comunitario e-Hospital, no que se enmarca esta iniciativa.

As enfermidades crónicas ou con longos períodos de convalecencia supoñen para os pacientes hospitalizados un proceso traumático, non só dende o punto de vista médico senón tamén social. A irrupción da enfermidade ou da traumatoloxía conleva unha ruptura radical coa vida activa que pode prolongarse durante meses e, incluso, de xeito indefinido no caso das afeccións crónicas. Algo que pode dificultar, en ocasións, a súa posterior reincorporación.

Evitar esta fenda no eido da aprendizaxe é o obxectivo do convenio de colaboración que veñen de firmar a USC, o Fundación Juan Canalejo e o CESGA. En virtude deste acordo, o CESGA e a USC desenvolverán un curso no que participarán ata a un total de 25 pacientes do Hospital Juan Canalejo e que poderá ser seguido por estes dende a propia cama do centro sanitario.

A experiencia, enmarcada dentro do proxecto comunitario e-Hospital, porase en práctica de xeito simultáneo nos cinco países que participan no proxecto e con características diferenciais entre eles. No caso de España, o curso terá unha duración superior ás 50 horas e centrarase en aspectos básicos de informática e ofimática ("Curso básico de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións para a reinserción laboral").

O programa de aprendizaxe desenvolverase combinando a formación on-line xunto con talleres prácticos presenciais e titorías personalizadas. Os destinatarios do mesmo serán, segundo o acordado polos responsables en España, pacientes por lesión medular con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos.

A USC será a encargada de crear un título propio de especialización para os adultos hospitalizados e asumir o deseño pedagóxico do sistema de *e-learning* (educación a distancia), o Hospital Juan Canalejo seleccionará os pacientes que validen o sistema e asumirá os requisitos hardware necesarios para que poidan acceder á formación online, e o CESGA desenvolverá e administrará o sistema de xestión de aprendizaxe de código aberto (vinculado ao apoio decidido do CESGA polo Software Libre, esta plataforma de ensino a distancia empregará código libre) que permita desenvolver as actividades de *e-learning* así como todas as ferramentas e servizos tecnolóxicos necesarios para o desenvolvemento de sesións prácticas conxuntas en tempo real. O programa porase en práctica a comezos do vindeiro curso lectivo e prolongarase e ata o mes de maio, aproximadamente.

Especialistas de toda Europa sentan as bases desta iniciativa no CESGA

As características desta iniciativa e doutras accións do proxecto e-Hospital están a ser precisamente debatidas estes días no CESGA, no que é a segunda reunión do proxecto, tras a primeira celebrada en Austria.

O encontro, que deu onte comezo e que se prolongará durante o día de hoxe, reuniu aos socios europeos participantes no proxecto co fin de debater a evolución dos resultados obtidos nos seus dez primeiros meses de desenvolvemento (análise de boas prácticas,



selección de institucións participantes, selección do grupo destinatario da formación...), así como a planificación das accións futuras a desenvolver.

Nesta ocasión, un novo socio europeo procedente de Suiza, Yinternet.org-Institut de Reserche & Formation en eCulture, incorporouse á reunión, dado o interese que está despertando o proxecto en toda Europa.

O proxecto e-Hospital

O proxecto e-Hospital é un proxecto comunitario que está financiado pola Comisión Europea no marco do programa Socrates e que ten como obxectivo levar a cabo actividades formativas mediante *e-learning* (educación a distancia) con pacientes adultos hospitalizados, para facilitarlles o acceso á formación continua durante a súa convalecencia no hospital.

Nel participan institucións educativas de Austria, Francia, Alemaña, Polonia e España, baixo a coordinación da institución austriaca Die Berater. Por parte española o proxecto inscríbese no Instituto de Ciencias da Educación e o coordina o Grupo de Innovación e Tecnoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela e o área de *e-learning* do Centro de Supercomputación de Galicia. Estes organismos van contar coa colaboración do Complejo Hospitalario Universitario Juan Canalejo.

Para saber máis sobre o proxecto, poden consultar a súa páxina web oficial <<http://www.ehospital-project.net/>>, ou ben enviar un correo electrónico a e-learning@cesga.es.

Para máis información, contactar co Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), no número de teléfono 981 56 98 11.